



Resolución do 10 de decembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidade de Audición e linguaxe (597037)

Por Resolución do 30 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, entre outras, a de Audición e linguaxe (597037).

Logo de revisadas as reclamacións contra a Resolución do 18 de novembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidade de Audición e linguaxe (597037) e, de acordo co disposto na base sétima da antedita resolución de convocatoria, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo definitivo na especialidade indicada do corpo de mestres e proceder a súa publicación no portal da Internet desta consellería (www.edu.xunta.gal).

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidade de Audición e linguaxe (597037).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (www.edu.xunta.gal) da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo indicados no apartado anterior.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal da internet ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

